

## INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento **da Fundación Escola Universitaria de Enfermería** para o exercicio 2023, emítase o seguinte informe:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7 /85, de 2 de abril (LRBRL)
2. Artigos 162 a 171 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL)
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.D.L. 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LOEPSF
4. Artigos 2 a 23 do R.D.L. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais
6. Art.3.2 da Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das AA.PP (LIAP)
- 7º. Artigo 33 do R.D.L. 670/87, de 30 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado (TRLCP)
8. Resposta da Subdirectora Xeral de Ordenación Normativa á consulta formulada pola UNED sobre incompatibilidade entre a actividade de profesor titor e a percepción da pensión de xubilación

### FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

O proxecto de orzamento preséntase con toda a documentación que esixe a normativa aplicable anteriormente referenciada.

O proxecto de orzamento preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 603.575 euros, cumprindo así a esixencia legal de non conter déficit inicial. Tamén é preciso destacar que os recursos correntes que se esperan liquidar en 2023 son suficientes para financiar os gastos correntes. Así mesmo, cumpre o obxectivo da estabilidade orzamentaria previsto na LOEOSF.

As dotacións para facer fronte a compromisos adquiridos estímense suficientes, mentres que as previstas para outras atencións o serán ou non en función da xestión e prestacións que se asuman, variacións legais, etc., o que poderá orixinar, en determinados casos, modificacións orzamentarias.

Os gastos de persoal incrementanse no 4 por cento (1,5% paga compensatoria en 2022 mais o 2,5% para 2023), que é o crecemento previsto e outras pequenas variacións que se detallan na relación de postos.

No estado de ingresos as previsións estímense con suficiente realismo.



## CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente o proxecto de orzamentos da fundación para o exercicio de 2023.

Pontevedra, 10 de outubro de 2022  
O INTERVENTOR

